



Resolución do 15 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se reabre o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2020/21.

O día 11 de febreiro de 2020 publicouse no portal educativo da consellería a indicada Resolución do 11 de febreiro de 2020 que no seu punto 9 establece que o prazo para a presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia (21 de febreiro de 2020)* ata o 23 de marzo de 2020, incluído.

Pola súa parte, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no BOE do 14 de marzo de 2020, na súa disposición adicional terceira, establece que se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, e que o cómputo dos prazos se reiniciará no momento en que perda vixencia este real decreto ou, de ser o caso, as súas prórrogas.

Establece, ademais, que a indicada suspensión e interrupción aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sinala, por último, o real decreto que, non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

O actual contexto de desenvolvemento das actividades en réxime non presencial, fai máis evidente a pertinencia de proxectos como o E-Dixgal, que facilitan, dun xeito máis efectivo, a consolidación e a continuidade nas aprendizaxes do alumnado participante, e tendo en conta que o obxecto do proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) é favorecer o desenvolvemento de proxectos



integrals de educación dixital, facilitándolles aos centros a dispoñibilidade de libros dixitais e doutros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º da ESO no curso 2020/2021, faise necesario reabrir o prazo de presentación de solicitudes na citada convocatoria para continuar coa súa tramitación, coa fin de que os centros educativos que resulten seleccionados poidan adoptar as medidas organizativas necesarias, en relación co proxecto, para o curso 2020/2021.

Polo anteriormente exposto, de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. Reapertura de prazo de presentación de solicitudes

Reabrir o prazo de presentación de solicitudes da *Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2020/21*, que se retomará dende o luns 18 de maio e rematará o 25 do mesmo mes, ámbolos dous inclusive.

Segundo. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da publicación desta resolución no portal educativo.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

